

Instrucións da Consellería do Medio Rural relativas a medidas de prevención do COVID 19 nos seus centros e servizos dependentes.

As presentes instrucións dítanse no marco do establecido no apartado primeiro do artigo 6 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, segundo o cal *os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante instrucións e ordes de servizo*, así como do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e en particular do seu artigo 6, que dispón que *cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias no marco das ordes directas da autoridade competente para os efectos do estado de alarma e sen prexuízo do establecido nos artigos 4 e 5*.

Así mesmo, estas instrucións dítanse ao amparo do disposto no punto noveno *in fine* do Acordo do Centro de coordinación operativa mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, publicado no DOGA de data do 15 de marzo de 2020, facúltase a *cada consellería ou centro directivo a ditar as instrucións oportunas en desenvolvemento do presente acordo ou para adaptalo ás particularidades dos distintos colectivos afectados*.

De conformidade co anterior, será de aplicación aos empregados públicos que prestan servizos na Consellería do Medio Rural e nas entidades do sector público autonómico que dependen da mesma o Acordo do Centro de coordinación operativa mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, publicado no DOGA de data do 15 de marzo de 2020, coas particularidades que se dispoñen nas seguintes INSTRUCIÓNS:

Primeira. Medidas Preventivas en relación aos empregados públicos.

Acórdase a implantación do réxime de teletraballo para os empregados públicos que prestan servizos na Consellería do Medio Rural e nas entidades do sector público autonómico que dependen da mesma, nos termos previstos no Acordo do Centro de coordinación operativa mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, publicado no DOGA de data do 15 de marzo de 2020, e con excepción dos servizos mínimos presenciais que deban ser prestados para:

a) Garantir a prestación dos servizos esenciais da Consellería do Medio Rural por parte do persoal non directivo de administración que presta os seus servizos nos edificios administrativos dos servizos centrais e periféricos da Consellería do Medio Rural, debendo estar presentes no seu posto de traballo polo tempo que se considere estritamente necesario e gardando, en todo caso as medidas preventivas en lugares de traballo establecidas, as persoas que ocupan os seguintes postos:

1. Secretaría Xeral Técnica:
 - a. Vicesecretaría Xeral:
 - Xefe do Servizo de Xestión Económica e Orzamentaria
 - Xefe de Sección de Habilitación e Caixa.
 - b. Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa
 - Xefe de Sección de Habilitación e Réxime Retributivo
2. Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias:
 - a. Subdirección Xeral Económica e de Dotación de Medios:
 - Grupo basee subgrupo C1 (MRC050000015770025)
 - Xefatura de negociado (MRC050000415770008)
3. Xefaturas Territoriais: Seguindo o esquema establecido na Secretaría Xeral Técnica:
 - Xefe de Servizo/Sección de Xestión Económica e Orzamentaria ou similar
 - Xefe de Sección/Negociado de Habilitación e Caixa
 - Xefe de Sección/Negociado Habilitado Nóminas.

b) Atender en oficina as citas cos interesados de acordo co sinalado no apartado segundo destas instrucións.

c) Levar a cabo as inspeccións ou actuacións en explotacións ou establecementos imprescindibles e urxentes que así se determinen polo órgano competente en materia de gandería.

En todo caso, manterase o sistema de alerta sanitaria veterinaria de Galicia, nos termos habituais, mediante os correspondentes servizos veterinarios oficiais en situación de localizables e con dispoñibilidade para actuar se fose necesario.

Devanditos servizos mínimos presenciais prestaranse en todo caso nas condicións para minimizar o risco de contaxio establecidas no referido Acordo do centro de coordinación operativa de data 15 de marzo de 2020.

d) Para realizar as análíticas de mostras correspondentes a alertas sanitarias, a mostras que se poidan deteriorar e aquelas outras cuxo atraso poida afectar á sanidade das explotacións, así como os imprescindibles para a recepción de mostras e mantemento dos diferentes sistemas de laboratorio, respecto do persoal que presta servizos nos Laboratorios de Sanidade Animal de Galicia, manteranse os servizos mínimos segundo determínese pola dirección dos Laboratorios de acordo cos criterios da autoridade competente en materia de Gandería.

e) En relación co persoal que presta servizos no Centro de recursos zoonéticos de Galicia debe manterse a prestación presencial do persoal imprescindible para que o centro poida cumprir as funcións esenciais que ten asignadas, de acordo co que determine a dirección do devandito centro.

f) En relación co persoal que presta servizos en FOGGA dispónse unicamente a presenza do Xefe de Sección de Habilitación .



g) En relación co persoal que presta servizos na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural deberá estar presente no seu posto de traballo, o Xefe da área Económica Financeira.

h) En relación co persoal que presta servizos na Axencia Galega da Calidade Alimentaria teranse en conta as seguintes especificidades:

Centros de Investigación, Laboratorios de servizos e Centros de Formación e Experimentación Agroforestal dependentes da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, debe manterse a prestación presencial do persoal imprescindible para a adecuada conservación e mantemento dos rabaños, cultivos e ensaios, bancos de germoplasma e instalacións indispensables para a xestión dos devanditos centros, así como a garantía do benestar animal e a seguridade dos devanditos centros e o labor de servizo público realizada nos mesmos.

A prestación presencial do persoal imprescindible será a que se determine pola dirección dos centros respectivos.

Durante o traballo presencial do persoal haberán de seguirse os protocolos de limpeza e de prevención que a tales efectos se establezan.

i) En relación co persoal que presta servizos na Fundación do Centro Tecnolóxico da Carne, debe manterse a prestación presencial do persoal imprescindible para que o centro poida cumprir as funcións esenciais que ten asignadas, de acordo co que determine a dirección do devandito centro.

j) En relación co persoal que presta servizos en Xenética Fontao, S.A. estarase ao Plan de Prevención de Riscos específico fronte ao COVID-19 (CORONAVIRUS) de aplicación a Xenética Fontao, S.A. e ao seu persoal.

k) En relación co persoal que presta servizos en SEAGA teranse en conta as seguintes especificidades:

Para o persoal que presta servizos de oficina será de aplicación o Acordo do Centro de coordinación operativa mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, publicado no DOGA de data do 15 de marzo de 2020. O xerente de Seaga determinará, no seu caso, o persoal que debe prestar servizos presenciais nos termos sinalados no devandito Acordo.

Para o persoal de campo, manteranse a totalidade dos traballos actualmente en curso. A tales efectos, durante o traballo presencial deste persoal haberán de seguirse os protocolos de limpeza e de prevención que a tales efectos se establezan.

Segundo. Medidas Preventivas en materia de rexistro e atención presencial ao cidadán.

Acórdase a suspensión de toda actividade presencial de rexistro e atención ao público nas Oficinas Agrarias Comarcais, os Distritos Forestais e demais centros dependentes da Consellería do Medio Rural.

Co fin de manter a adecuada interlocución cos administrados, recoméndase a utilización dos medios telemáticos e telefónicos dispoñibles. Para ese efecto, continuarán en funcionamento as canles de tramitación telemática ordinarios a través da sede electrónica da Consellería do Medio Rural. Ademais reforzase a atención telefónica e mediante correo electrónico aos administrados, a través dos números telefónicos e correos electrónicos que se achegan en Anexo I a este documento.

Quedan exceptuados do disposto no parágrafo primeiro, aqueles procedementos que por non poder ser tramitados de forma telemática ou telefónica pola totalidade dos interesados, sexa imprescindible a súa tramitación para garantir a subministración de produtos agrícolas, gandeiros e forestais dentro das especificacións do Real Decreto que regula a declaración do estado de alarma.

Sen prexuízo de ampliar os procedementos aos que resulte de aplicación o disposto neste parágrafo, inclúense en todo caso os procedementos de solicitude de autorizacións de traslado de gando, de certificados sanitarios internacionais para movemento de animais, de entrega de crotais ou documentos de identificación para os supostos de persoas gandeiras que os precisen ineludiblemente para o movemento de animais, e aquelas outras xestións que sexan totalmente necesarias para vender o gando. En relación aos devanditos procedementos, atenderase de forma presencial ao cidadán, previa cita, e exclusivamente para os casos en que, por ausencia dos medios necesarios, o interesado non poida efectuar a tramitación correspondente de forma telemática ou telefónica.

Para os efectos da solicitude de cita para os casos previstos no parágrafo anterior, o interesado deberá poñerse en contacto coa oficina correspondente, por medio de teléfono ou de correo electrónico **a partir do próximo martes día 17 de marzo, en horario de oficina**. As citas concertaranse cos interesados de forma tal que se evite a coincidencia na oficina de dous cidadáns á vez. Achéganse en Anexo I a este documento a relación de números telefónicos e correos electrónicos de contacto das respectivas oficinas agrarias comarcais.

Terceiro. Centros de Coordinación Central, Provincial e de Distrito do dispositivo de prevención e extinción de incendios de Galicia.

Garántese a súa cobertura nos termos habituais con emisoristas, e, se fose necesario, con vixiantes, operadores codificadores de datos e/ou outro persoal voluntario.

Deberá seguirse o protocolo de limpeza establecido para teléfonos, teclados e emisoras dos Centros de Coordinación.

Cuarto. Persoal do dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais.

1.- En todo caso, quedará garantido o funcionamento do dispositivo de prevención e extinción de incendios, nos termos habituais, mediante os correspondentes servizos de persoal técnico,

axentes facultativos ambientais, axentes forestais, persoal de brigadas, condutores de motobomba e restante persoal que presta servizos no devandito dispositivo.

Nos servizos centrais só terán presenza física en oficina o subdirector xeral de extinción, o subdirector xeral de prevención, un técnico e os emisoristas necesarios para o funcionamento do Centro de Coordinación Central (CCC).

Nos servizos provinciais só terán presenza física o xefe do servizo de prevención de incendios, un técnico, e os emisoristas necesarios para o funcionamento do Centro de Coordinación Provincial (CCP).

Nos distritos, só terán presenza física o xefe de distrito, un técnico e os emisoristas necesarios para o funcionamento do Centro de Coordinación de Distrito (CCD).

Sempre que as circunstancias meteorolóxicas permítano, os axentes deberán estar (durante a súa correspondente quenda) en situación de localizables e con dispoñibilidade inmediata para actuar se fose necesario. Para estes efectos, considerarase que se está en situación de localizable e con dispoñibilidade inmediata a localización que lle permita chegar ao punto de encontro ou de reunión nun prazo máximo de 30 **minutos**. A mobilización terá que ser comunicada ao persoal polo correspondente Distrito Forestal, e previa comunicación ao Servizo Provincial. En todo caso a Dirección Xeral de Defensa do Monte, en función da actividade incendiaria ou condicións de risco, poderá mobilizar a todos os axentes para que se dirixan aos seus correspondentes puntos de encontro ou de reunión.

Sempre que as circunstancias meteorolóxicas o permitan, o persoal integrante de brigadas e motobombas **non** terá que permanecer durante o período de traballo nos puntos de encontro, nese caso deberán estar (durante a súa correspondente quenda) en situación de localizables e con dispoñibilidade inmediata para actuar se fose necesario. Para estes efectos, considerarase que se está en situación de localizable e con dispoñibilidade inmediata a localización do persoal que lle permita chegar ao punto de encontro nun prazo máximo de 30 **minutos**. A mobilización terá que ser comunicada ao persoal polo correspondente Distrito Forestal, e previa comunicación ao Servizo Provincial. En todo caso a Dirección Xeral de Defensa do Monte, en función da actividade incendiaria ou condicións de risco, poderá mobilizar a todos os recursos para que se dirixan aos seus correspondentes puntos de encontro.

No caso de movilización, dacordo coas presentes instrucións, e salvo imposibilidade, procurarase que non coincidan, ao mesmo tempo, e nun mesmo punto de encontro máis de dúas brigadas e dous condutores/as de motobomba.

Sempre que as circunstancias meteorolóxicas o permitan, os vixiantes fixos deberán estar (durante a súa correspondente quenda) en situación de localizables e con dispoñibilidade inmediata para actuar se fose necesario. Para estes efectos, considerarase que se está en situación de localizable e con dispoñibilidade inmediata a localización do persoal que lle permita chegar ao momento de vixilancia ao que están adscritos nun prazo máximo de 30 **minutos**. A mobilización terá que ser comunicada ao persoal polo correspondente Distrito Forestal, e previa comunicación ao Servizo Provincial. En todo caso a Dirección Xeral de Defensa do Monte, en función da actividade incendiaria ou condicións de risco, poderá

mobilizar a todos os vixiantes para que se dirixan aos seus correspondentes puntos de vixilancia.

Na bases de medios aéreos mantense a actividade íntegra da base coa particularidade de que a brigada helitransportada manterase operativa coa metade dos seus membros en cada quenda. O resto do persoal da brigada da base deberá estar (durante a súa correspondente quenda) en situación de localizable e con dispoñibilidade inmediata para actuar se fose necesario. Para estes efectos, considerarase que se está en situación de localizable e con dispoñibilidade inmediata a localización do persoal que lle permita chegar á base nun prazo máximo de **30 minutos**. A mobilización terá que ser comunicada ao persoal polo correspondente Servizo Provincial. En todo caso a Dirección Xeral de Defensa do Monte, en función da actividade incendiaria ou condicións de risco, poderá mobilizar a actividade íntegra da base, para que todo o persoal dirixase ao seu posto de traballo ou a base correspondente.

As bases de avións de carga en terra manterán o procedemento operativo habitual.

Durante o traballo presencial do persoal do dispositivo haberán de seguirse os protocolos de limpeza e de prevención que a tales efectos se establezan.

Os fins de semana e festivos, os xefes de distrito, xefes de servizo provincial, subdirector xeral de extinción e xefes de servizo dependentes desta Subdirección, estarán dispoñibles para acudir ao seu centro de traballo nun prazo máximo de **30 minutos**.

2.- En el artículo 5.4 de dicho Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19 se dispone que *“los servicios de intervención y asistencia en emergencias de protección civil definidos en el artículo 17 de la Ley 17/2015, de 9 de julio, del Sistema Nacional de Protección Civil, actuarán bajo la dependencia funcional del Ministro del Interior”*

Sin perjuicio de lo anterior, el artículo 6 del citado Real Decreto, dispone que *cada Administración conservará las competencias que le otorga la legislación vigente en la gestión ordinaria de sus servicios para adoptar las medidas que estime necesarias en el marco de las órdenes directas de la autoridad competente a los efectos del estado de alarma y sin perjuicio de lo establecido en los artículos 4 y 5.*

Dentro de *los servicios de intervención y asistencia en emergencias de protección civil definidos en el artículo 17 de la Ley 17/2015, de 9 de julio, del Sistema Nacional de Protección Civil* se encuentran los servicios de prevención y extinción de incendios.

Desde la consideración de que el SDPIF pueda ser activado como un servicio de asistencia en emergencias, esta Consellería ha estado aprovisionándose desde la declaración del estado de alarma y del estado de emergencia sanitaria de todo el material de protección necesario para nuestros trabajadores. Debemos de tener en cuenta en este sentido que las funciones de extinción que desempeña el servicio hace que nuestro personal ya disponga de EPIs y de material de protección, por lo que lo que ha sido preciso es complementar el material de protección actualmente existente con todo aquello que consideramos necesario para poder trabajar en condiciones de máxima protección.

A maiores, nos hemos provisionado de maquinaria y productos que nos permitan actuar en posibles desinfecciones de locales o zonas afectadas por el coronavirus.

Adicionalmente hemos preparado los protocolos de actuación del personal en estas situaciones con el fin de garantizar su seguridad en el desarrollo de sus funciones.

De acuerdo con lo anterior, en los próximos días, según se determine y comuniquen por la Dirección general de Defensa del monte, y en todo caso una vez que el dispositivo cuente con la totalidad del material de protección, así como maquinaria y productos de desinfección, protocolos y formación para el desempeño de estas funciones, el servicio de prevención y extinción de incendios de Galicia procederá a actuar en el rural gallego en funciones de servicio de asistencia a esta emergencia, dentro de los mecanismos de coordinación que en su caso se determinen, y siempre garantizando la disponibilidad máxima para atender su función principal que es la extinción de incendios.

Desde esta perspectiva, las funciones adicionales que pasará a desempeñar el servicio serán las siguientes:

- Vigilancia de zonas de esparcimiento rurales para garantizar el cumplimiento de las obligaciones de confinamiento decretadas en el estado de alarma.
- Colaboración en la desinfección de instalaciones, locales o medios de transporte de la Administración autonómica.
- Colaboración en la desinfección de locales y zonas de uso común en el rural gallego.
- Colaboración con las autoridades locales para el auxilio a personas domiciliadas en zonas remotas o de difícil acceso.
- Transporte de materiales tales como víveres o material sanitario, entre otros, a zonas del rural gallego.
- Disuasión de posibles comportamientos incendiarios.
- Colaboración en las comunicaciones a través de nuestra red de emisoristas, o utilizando el sistema de comunicaciones TETRA.

Quinto. Suspensión de prazos administrativos en procedementos da Consellería do Medio Rural, e suspensión de prazos de prescripción e caducidade.

De acordo co disposto na disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e nos termos que se sinalan na devandita disposición, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos administrativos da Consellería do Medio Rural. Con todo, a Consellería do Medio Rural poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.



Os prazos de prescrición e caducidade de calquera accións e dereitos quedarán suspendidos durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adoptaren, de acordo co establecido na disposición adicional cuarta do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19

Sexto. Protocolos.

Con carácter inmediato serán aprobados por cada centro directivo ou entidade os protocolos aos que se refiren estas instrucións, que serán publicados na páxina web da Consellería do Medio Rural.

Sétimo. Modulación do réxime de prestación de servizos.

Sen prexuízo do establecido na presente instrución respecto de os servizos esenciais que deben ser prestados de forma presencial polos empregados correspondentes, cada centro directivo, entidade, xefatura territorial ou centro dependentes dos anteriores, en función das necesidades administrativas e do servizo público, así como do avance da viabilidade da prestación dos servizos en teletraballo, e das dispoñibilidades técnicas, poderán reducir ou modular a actividade presencial do persoal ao seu cargo.

Así mesmo, para o caso dos empregados que se atopen en situación de prestación de servizos non presencial, de estimarse esencial a súa presenza en oficina nunha xornada laboral concreta ou parte dela, poderán ser requiridos a tales efectos polo titular do centro directivo, entidade, xefatura territorial ou centro de que se trate.

Oitavo. Na aplicación das presentes instrucións teranse en conta, en todo caso, as “Recomendacións de prevención no traballo fronte ao coronavirus” de data 18 de marzo de 2020, do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), e, en particular, o previsto nas ditas instrucións sobre os principais grupos vulnerables (maiores de 60 anos, e aquelas persoas diagnosticadas de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodeficiencias, e o embarazo polo principio de precaución).

En atención ao anterior, o persoal que se atope dentro dalgún dos grupos vulnerables non poderá realizar as funcións de asistencia á emerxencia previstas no punto cuarto. 2 destas instrucións.